

Pazo de Eidián

36527 – A Golada (Pontevedra)

Teléfono: 986 682 545

Web: www.pazoeidian.com

E-mail: info@pazoeidian.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorna inmediata ao establecemento

- O acceso ao establecemento é chairo, o pavimento é irregular xa que está empedrado con grandes laxas, o chan é duro e antiescorregadizo.
- O vehículo pódese estacionar na propia leira, xunto á casa, onde non hai ningunha praza delimitada nin reservada para persoas con discapacidade.

Acceso

- O acceso analizado é a entrada principal, que ten un chanzo irregular na porta de entrada de 8 cm de altura e unha profundidade de pegada de 30 cm.
- Accédese por unha porta de dobre folla, que permanece sempre aberta e ten un ancho libre de paso en cada unha de 95 cm.
- O espazo posterior á mesma é horizontal, cun espazo de 1,50 m de diámetro que permite as manobras de xiro dunha persoa en cadeira de rodas.

Recepción

- O itinerario desde a porta principal ata a porta de recepción é accesible aínda que o chan é empedrado e moi irregular.
- Diante da porta de recepción hai un chanzo de 20 cm de altura, sen itinerario alternativo accesible.
- A porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 90 cm.
- Para atender ao cliente existe unha mesa de época a unha altura de 80 cm, baixo a mesma non existe espazo que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

Habitación Adaptada (Nº 3)

- Nº habitacións adaptadas: 1. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible aínda que irregular debido ao pavimento é empedrado e de grava solta.
- A porta de acceso abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 82 cm. A apertura é con chave e a manilla está a 1 m de altura.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360 ° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,50 m na súa parte máis estreita.
- O dormitorio consta de dúas camas individuais unidas cunha altura de 50 cm e un espazo de achegamento de 70 cm polo lateral dereito e 1,30 m polo lateral esquerdo.
- As portas dos armarios son corredías. As baldas están situadas a unha altura de entre 30 cm e 1,90 m e o percheiro está fixo a 1,90 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara a fóra e mide **75 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo, que permite facer a transferencia de forma oblicua pola presenza do lavabo e de **1,40 m** polo frontal. O asento está a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga é de presión e está a **74 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de **60 e 75 cm** e unha fixa no lado dereito. A separación entre elas é **de 63 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **71 cm** de alto e **48 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é **de 1,02 m** e o resto dos accesorios do baño están entre os **70 cm** e os **1,20 m**.

Ducha

- A ducha ten espazo libre de aproximación lateral e frontal de máis de **1 m** de ancho.
- O chan da ducha é continuo co recinto e antiescorregadizo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal que abarca ambas as paredes e está colocada a unha altura de **92 cm**.
- Dispón dun asento de ducha fixo e abatible na parede perpendicular á grifería, colocado a **46 cm** de altura e cunhas dimensións de **44 cm** de ancho por **40 cm** de fondo.
- A billa é monomando e está colocado a unha altura de **1,10 m**.
- Non dispón de biombos nin cortinas para evitar a fuga de auga.

Aseo adaptado en zona común

- O aloxamento conta con 1 aseo común adaptado situado na planta **baixa**, o itinerario é a través do restaurante-comedor e presenta un chanzo de **3 cm** de altura.
- A porta xeral dos aseos abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **76 cm**.
- Existe unha cabina adaptada independente para cada sexo e non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (**SIA**).
- A porta da cabina abre cara a fóra e mide **76 cm** de ancho, antes e despois da mesma existe un espazo de **1,50 m** de diámetro para efectuar as manobras de xiro coa cadeira de rodas.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **90 cm** de ancho polo lateral dereito e de **1,38 m** pola fronte. O asento está situado a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga é de presión e está a **73 cm**.
- Dispón dunha barra de apoio fixa no lado esquerdo e unha abatible no lado dereito, colocada a unha altura de **60 – 75 cm** e cunha separación entre ambas as de **64 cm**.

Lavabo

- O lavabo ten un espazo libre baixo o mesmo de **72 cm** de alto e **42 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello e do resto dos accesorios do baño é **de 1 m**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada presenta un chanzo de 8 **cm** cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- O pavimento ata a recepción é irregular, con ocos e resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

Habitación estándar

- O nome da habitación indícase en letras grandes e en cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Habitación estándar

- Hai un enchufe á beira da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

Sinalización

- O aloxamento dispón de rótulos que sinalan a localización das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura máxima de 1,80 m. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Localización	Tipo de itinerario.	Características destacables
Piscina e Xardín	Exterior	Practicable con 1 chanzo de 8 cm de alto e 30 cm de fondo.	O pavimento é de céspede e a piscina carece de guindastre de acceso ao vaso.
Salón de almozos	Planta baixa	Accesible	Mesas redondas 4 patas. Altura de mesa: 76 cm , Altura baixo mesa: 74 cm Ancho baixo mesa: 1,18 m , Fondo baixo mesa: 40 cm
Restaurante e cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesas redondas, cadradas e rectangulares, de 4 patas Altura de mesa: 75 cm , Altura baixo mesa: 73 cm Ancho baixo mesa: 80 cm , Fondo baixo mesa: 35 cm Altura da barra: 1,23 m .
Escaleiras	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Nº de chanzos por tramo: máis de 10 Chan de textura e cor distinto en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 18 cm Fondo da pegada: 31 cm Con tabica: Non Con bocel: Si Zócalo de protección lateral: Non Altura de Pasamáns : Ao carón, 84 cm

